

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO que o Consello de Goberno na sesión ordinaria do día 30 de abril de 2025 aprobou a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e praxe do sr. reitor.

V^o e praxe

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 30 DE ABRIL DE 2025 POLO QUE SE MODIFICA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN DO RENDEMENTO ACADÉMICO DOS ESTUDANTES E DE REVISIÓN DE CUALIFICACIÓNS

A *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* foi aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 e publicada no DOG do 21 de xullo. No seu artigo 8 contéplase o sistema de revisión de cualificacións.

Dado o tempo transcorrido dende a súa aprobación a as novas circunstancias concorrentes considérase necesaria unha modificación parcial do seu contido, en particular, a revisión da redacción deste precepto para evitar interpretacións diverxentes. Así mesmo, enténdese procedente reducir os prazos de revisión para axilizar a inclusión das cualificacións no expediente académico do estudantado.

Por todo o anterior propónse ao Consello de Goberno a modificación da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

Único. *Modifícase o apartado 2 do artigo 8 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 8.- Revisión de cualificacións.

2. A revisión levarase a cabo en dúas datas opcionais e deberá realizarse entre o día hábil seguinte á publicación dos resultados e o sétimo día hábil. Procurarase que estas revisións se poidan levar a cabo en horarios alternativos e que a segunda data sexa posterior ao terceiro día hábil. A revisión debe servir para que o/a estudante poda percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso. A dirección do centro garantirá o dereito do estudantado a revisar as súas cualificacións nos prazos establecidos.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Este acordo entrará en vigor na data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/05/2025 14:09:48.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/05/2025 15:49:02.

CSV: 4F17-3991-4D05-98B9